

ANEXO I NORMATIVA PROBA DEPORTIVA ESCOLAR.

ROS ESCOLAR - FASE ZONAL DE CARBALLO - COMARCA BERGANTIÑOS
POLÍGONO INDUSTRIAL DE BÉRTOA (CARBALLO) - 06/02/2026

ORGANIZAN: Secretaría Xeral para o Deporte - Servizo de Deporte da Coruña e o Concello de Carballo.

PARTICIPANTES

No campo a través poderán participar todos os centros de ensino, ANPAS etc. que cumpran os requisitos da inscrición no programa XOGADE, actividade deportiva escolar, modalidade Cros.

Unha vez dados de alta os equipos e as/os participantes no programa XOGADE (<https://xogade.xunta.gal>), cada centro educativo, no **menú de actividade deportiva escolar>eventos>Cros Escolar Fase Zonal Carballo-Comarca Bergatiños 2025/26** tendes que vincular aos participantes no evento.

Cada atleta soamente poderá participar nesta proba coa entidade coa que estea dado/a de alta na modalidade de Cros, da actividade deportiva escolar do programa Xogade.

CATEGORÍAS

BENXAMÍN: nados nos anos 2017-2018 feminina e masculina.

ALEVÍN.....: nados nos anos 2015-2016 feminina e masculina.

INFANTIL.: nados nos anos 2013-2014 feminina e masculina.

CADETE.....: nados nos anos 2011-2012 feminina e masculina.

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar unha práctica deportiva, educativa e saudable.
- Difundir os valores da competición dende unha perspectiva máis regrada.
- Facilitar a práctica nunha modalidade de gran tradición histórica en Galicia.

SISTEMA DE COMPETICIÓN FASE ZONAL

Cada centro de ensino, ANPAS, etc. poderá participar nesta fase zonal co número de equipos que o desexe en cada categoría, sempre que a súa nomenclatura os diferencie. Cada equipo estará composto por 6 atletas.

Cada entidade deberá participar na súa zona correspondente, agás en casos excepcionais nos que a participación sexa tan escasa que, a petición das propias entidades, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá reorganizar as propias zonas, previa proposta do servizo provincial correspondente.

Todos os participantes terán que estar de alta na aplicación informática do programa Xogade (<https://xogade.xunta.gal/>), na actividade deportiva escolar, modalidade de Cros.

LUGAR E DATA

Polígono Industrial de Bértola (Carballo).

INSCRICIÓN

Os atletas participantes nesta Fase Zonal de Cros Escolar deberán estar dados de alta no programa Xogade **antes das 20:00 horas do 30/01/2026**.

Unha vez rematado o antedito prazo, o Servizo de Deporte da Coruña tramitará a inscrición para a proba, tomando como base as altas feitas por cada centro educativo no programa Xogade, no menú de **actividade deportiva escolar>eventos>Cros Escolar Fase Zonal Carballo-Comarca Bergantiños 2025/26, polo cal é necesario que antes de que remate o prazo arriba reflectido, teñades vinculadas/os ás/aos participantes ao **evento Cros Escolar Fase Zonal Carballo-Comarca Bergantiños 2025/26**.**

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo estará formado por seis atletas, das/os que puntuarán as/os catro mellor clasificadas/os ou tres (só na categoría cadete). Non se poderá completar un equipo con atletas de categorías inferiores.

CLASIFICACIÓNS

Estableceranse dúas clasificacións:

- Individual. Segundo a orde de entrada na meta.
- Por equipos. A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4 (3 en cadetes) atletas mellor clasificadas/os de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

Para o Campionato Provincial de centros educativos clasificarase o primeiro equipo de cada categoría/subcategoría e as/os 10 primeiras/os atletas de cada categoría/subcategoría e que non formen parte do equipo clasificado.

HORARIO

10:00 - Retirada de dorsais

Hora	Categoría	Distancia aprox.	Voltas
10.30	Cadete mas.	2.000 m	2 C
10.45	Cadete fem.	2.000 m	2 C
11.00	Infantil mas.	1.500 m	1 A-B + 1 C
11.15	Infantil fem.	1.500 m	1 A-B + 1 C
11.30	Alevín mas.	1.000 m	1 C
11.45	Alevín fem.	1.000 m	1 C

12.00	Benxamín mas.	500 m	1 A-B
12.15	Benxamín fem.	500 m	1 A-B

CIRCUITO FASE ZONAL DE CARBALLO CROS ESCOLAR

Polígono de Bertoa (Carballo)

A proba celebrarase no circuito sito na zona verde do Polígono Industrial de Bertoa.



NOTA: Se os organizadores así o deciden, en función do estado do circuito e das condicións meteorolóxicas a proba mudarase a outro lugar en mellores condicións para os deportistas que poderá ser nun circuito habilitado total ou parcialmente no interior do Campo de Fútbol Municipal das Eiroas, sito no mesmo Polígono Industrial de Bertoa, ou no mellor espazo dispoñible para o fin perseguido, e coas mesmas distancias aproximadas de competición. A modificación será comunicada oportunamente. No caso de ter que cambiar a data da proba por causas meteorolóxicas, esta podería ser o 20 de febreiro (á volta do entroido).

TRANSPORTE

No caso de necesitar transporte para participar nesta proba poderase solicitar, **ata as 20.00 horas do 30/01/2026**, ao Servizo Provincial de Deporte, ao correo especial de transporte: **sdbus.co@gmail.com**, empregando para iso o **formulario** que se adxunta a esta normativa.

Unha vez recibida a solicitude o Servizo Provincial de Deporte outorgará o transporte, nos casos en que o estime posible dentro das limitacións da contratación, e informará á entidade solicitante.

Non se xestionará ningún transporte se a solicitude é posterior á data arriba indicada.

PREMIACIÓN

EQUIPOS.....: Entregaranse trofeos e medallas aos 3 primeiros clasificados en cada unha das categorías/subcategorías

INDIVIDUAIS: Entregaranse medallas ás/aos 3 primeiras/os clasificadas/os en cada unha das categorías/subcategorías

DATAS PRÓXIMAS XORNADAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN PREVISTAS

Provincial de Centros Educativos.....: Pendente de confirmar sede e data.

SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible no programa Xogade, na páxina web <https://xogade.xunta.gal>. Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á poliza do seguro é aberto.

Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.

OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nesta normativa e na normativa específica de Cros da Secretaría Xeral para o Deporte serán regulados pola organización do evento en coordinación co Servizo de Deporte da Coruña.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

José Daniel Pérez López

Secretaria

Marina Núñez Orjales